



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

RESULTANDO, que a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2021 do concello de Oza-Cesuras unicamente conta con 2 peóns de vixancia e defensa, polo que resulta necesario proceder á cobertura do posto de traballo de peón á maior brevidade posible.

CONSIDERANDO, as necesidades da prestación dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais na época na que nos atopamos e tendo en conta que non se dispón de ningún reserva como consecuencia do proceso selectivo iniciado o pasado 8 de xuño de 2021 que estea interesado no posto.

CONSIDERANDO, a urxencia de dispoñer de recursos humanos suficientes para levar a cabo de xeito completo os ditos traballos de prevención e extinción previstos no Plan de actuacións aprobado ao efecto.

RESULTANDO, que resulta necesario proceder a contratación dun peón da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ata o 29 de novembro de 2021.

RESULTANDO, que con data 31 de agosto de 2021 se efectuou unha oferta para a contratación con carácter urxente dun peón de vixancia e defensa contra incendios forestais ata o 29 de novembro de 2021 e se publicou a convocatoria mediante anuncio no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal.

CONSIDERANDO, que segundo se desprende do rexistro municipal de entrada deste Concello e dentro do prazo de 48 horas concedido ao efecto, que comezou o 31 de agosto de 2021 tras a publicación do anuncio na páxina web do Concello (www.concellodeozacesuras.es) levada a cabo ás 13:34 horas e que rematou ás 13.45 do presente día 2 de setembro, presentou solicitude para o dito posto a unicamente un candidato que acredita cumprir a totalidade dos requisitos esixidos.

En uso das facultades conferidas pola lexislación vixente, polo presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Que, de conformidade co establecido no Decreto do 31 de agosto de 2021, ao non presentarse máis solicitudes que prazas convocadas non resulta necesario a realización da proba oral prevista no proceso selectivo.

SEGUNDO.- Comunicar ao único candidato presentado, Diego Sánchez-Tembleque Bahamonde (DNI 79341897Q), que as probas médicas e físicas terá lugar o vindeiro 7 de setembro de 2021, ás 10:30 horas, na sede da Coruña do servizo de prevención de riscos laborais Ibersys, Norprevención, S.L., sita na rúa Avenida de Finisterre, 265C, 2º planta – A Coruña (Tel: 981200500) ás que deberán acudir provistos do DNI.

TERCEIRO.- Comunicar asimismo ao único candidato presentado, que as probas





Concello de Oza-Cesuras

médicas e físicas, nas que se realizarán os análisis e controis establecidos, terán un resultado apto/non apto e que no caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

Mandouno e asinao o Sr. Alcalde D. José Pablo González Cacheiro, en Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s, do que eu secretario, certifico

O ALCALDE-PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Pablo González Cacheiro

Asdo.: José C. Sánchez Presedo

